

# CONVOCATORIA CURSOS

## ARBITRO VÓLEI PRAIA NIVEL I e NIVEL II

A Federación Galega de Voleibol, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, convoca o curso de árbitros de vólei praia dos niveis Nivel I e Nivel II.

A evolución crecente de equipos nas competicións autonómicas, xunto coa maior presenza de equipos galegos en Competicións Nacionais, fan que a necesidade de árbitros sexa maior cada tempada. E xunto con ese maior número de colexiados tamén se precisa dunha especialización dada polo uso da tecnoloxía e a acta electrónica nas competicións de ámbito nacional e internacional onde Galicia ten unha ampla participación, polo que dentro das funcións atribuídas o Comité e facer fronte a esa necesidade específica, propónse a Xunta Directiva de esta Federación e o Sr. Presidente a celebración de este curso.

### PLAN DE ESTUDOS

---

As materias que se impartirán durante o curso son as seguintes:

- Regulamento - vídeo-presencial
- Metodoloxía arbitral - vídeo-presencial
- Técnica de Arbitral - vídeo-presencial
- Normativa - vídeo-presencial
- Acta Dixital - vídeo-presencial
- Técnica de anotación - vídeo-presencial
- Psicoloxía da arbitrase - vídeo-presencial
- Hábitos saudables - vídeo-presencial

Ademais das materias con contido teórico, tamén se realizarán as correspondentes prácticas que se coordinarán co profesorado e o alumnado.

## DATAS E HORARIOS DE CELEBRACIÓN

---

O Nivel I terá como datas do 7 ao 9 de maio:

- Domingo 7 de maio: de 10:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00.
- Luns 8 de maio: de 19:20 a 21:30.
- Martes 9 de maio: de 19:20 a 21:30.

O Nivel II terá como datas e horarios os seguintes:

- Domingo 7 de maio: de 10:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00.
- Do luns 8 de maio a xoves 11 de maio: de 19:20 a 21:30.

## FORMATO DO CURSO

---

O curso ten formato vídeo-presencial. Toda a formación teórica se fará de xeito telemático, tendo a obriga o alumnado de dispor dos elementos especificados no apartado correspondente para poder completar con éxito as clases.

Segundo o docente, e dentro da liberdade que ten de cátedra, poderá solicitar o alumnado traballos para presentar ademais da asistencia.

## PROFESORADO DO CURSO

---

Curso será impartido por árbitros Nivel II e Nivel III con experiencia na competición e coa revisión e validación do material por parte do C.T.G.A.

## CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO APTO

---

Para poder obter a cualificación de APTO e así ter o curso pasado, é preciso cumprir os seguintes criterios:

- Ter asistido o 75% das clases.
- Presentar os traballos que soliciten o profesorado.
- Ter superado o total das materias impartidas.

- Realizar un torneo/competición de prácticas baixo supervisión (remunerado).

## INSCRIPCIÓN NO CURSO

As persoas interesadas en participar no curso de árbitro Nivel I deben ser maiores de 16 anos ou cumprilos durante o 2023.

As persoas interesadas en participar no curso de árbitro Nivel II deben ter mínimo 18 anos ou cumprilos durante o 2023 e ter 2 anos como mínimo de antigüidade de Nivel I de vólei praia.

Para formalizar a inscrición, débese enviar o modelo G-13 II que se atopa publicado no apartado de descargas de FGVb, e envíalo cumprimentado a conta de correo de [correo@volei.gal](mailto:correo@volei.gal) con copia a [arbitros@volei.gal](mailto:arbitros@volei.gal) antes do día 27 de abril as 22:00 horas.

O custe do curso é de **60,00€** por asistente para o curso de árbitro Nivel I, e de **105,00€** para o de acta electrónica. O ingreso farase na conta da Federación Galega de Voleibol:

**Banco de Sabadell**

**ES71 0081 0499 6400 0137 8440**

Xunto co modelo G-13 II deberase axuntar o xustificante de ingreso.

## CANCELACIÓN DO CURSO

A Federación Galega de Voleibol reservase o dereito a suspender o curso, por falta de participación ou calquera outra circunstancia que poida impedir a súa correcta organización. En tal caso, informarase do feito os inscritos e faranse os abonos das cotas xa abonadas, sen que proceda calquera outra indemnización.

## REQUISITOS TÉCNICOS PARA O CURSO

Para a parte vídeo-presencial será responsabilidade do alumnado dispor do seguinte material:

- Conexión a internet estable.
- Micrófono e altofalante (serve o mans libres dun móbil ou similares).
- Cámara de vídeo.
- Teclado (e rato si non é táctil o dispositivo).
- O programa Zoom na plataforma correspondente o dispositivo que se empregue.
- Un correo electrónico válido.

## Desenvolvemento das clases de vídeo-presencial

A plataforma utilizada será Zoom, de libre acceso e multi-plataforma. O alumnado deberá cumprir en todo momento as seguintes pautas:

- Por o seu nome na sesión.
- A cámara de vídeo deberá estar acesa en todo momento, non se pode ter a pantalla en negro ou unha foto.
- O micrófono deberá estar apagado durante as clases.
- Para poder falar, solicitarase o quenda de palabra “levantando” a man na aplicación.

Para poder confirmar a correcta atención, o profesor pode solicitar que a través do *chat* da plataforma se responda en un momento determinado. A falta de resposta pode supor un apercibimento e a acumulación de 3 ou mais nunha materia/xornada supón unha ausencia a dita materia/xornada.

INSCRIPCIÓN CURSO DE ÁRBITRO  
OU ADESTRADOR

**FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
VOLEIBOL**

G13 - II

2023

Nome:

Apelidos:

D.N.I.:

Data de Nacemento:

 Xénero: Home  Muller 

Nacionalidade:

Enderezo:

C.P.:

Localidade:

Provincia:

Teléfono de contacto:

E-mail:

Historial Deportivo:

Estou interesado en inscribirme nos seguintes cursos:

<b>ÁRBITRO</b>	Anotador / Acta E.	
	Nivel I Voleibol	
	Nivel II Voleibol	
	Nivel I Vólei Praia	
	Nivel II Vólei Praia	
	Xuíz de Liña	
<b>ADESTRADOR</b>	Nivel I	
	Nivel II	

\_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2023.

O interesado/a,

Asdo.: \_\_\_\_\_